



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE NOVIEMBRE DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000039

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas corenta minutos, do día dezaeito de novembro de dous mil vinte e dous, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celebrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: 03.11.22 (Ordinaria) e 10.11.22 (Ordinaria)..-

O sr. alcalde pregúntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación ás devanditas actas, e ao non facerse ningunha alegación, declara que as actas das sesións ditas quedan aprobadas sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes as ditas sesións).

2º.-EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.- Licenza de 1ª ocupación.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- Expte 02/2021.- [REDACTED] Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] parroquia de [REDACTED] Valdoviño e que se corresponde co expediente de obras 192/2018, licenza municipal concedida en Xunta de Goberno Local de data 10 de maio de 2018.

Visto o informe do arquitecto municipal de 16 de novembro de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licenza de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Conceder ao peticionario [REDACTED] licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] Valdoviño, segundo o disposto no artigo 143.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, so solo de Galicia e do artigo 355.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación da taxa por expedición de licenza de 1ª ocupación, o importe de 75,20 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 16 de novembro de 2022
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a anterior proposta de Alcaldía.

3º.-ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZO AO ABEIRO DAS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. LIÑA1

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

“Asunto: Adxudicación contrato menor de servizo ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. LIÑA 1

Conforme o artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a entidade local deberá prestar o *servizo de recollida de residuos*, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos ofertados no Concello de Valdoviño tendo en consideración o disposto no artigo 22 da Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio do 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre a separación e reciclaxe de residuos en orixe ou ben recollida de forma separada a máis tardar o 31 de decembro de 2023, o que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU o

Concello de Valdoviño impulsará a xestión e recollida separada en orixe de residuos domésticos potenciando a prevención e valorización dos biorresiduos.

Vista a Resolución das Axudas convocadas ao abeiro da *Orde do 30 de novembro do 2021 pola que se establecen as Bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU*, o Concello de Valdoviño resultou beneficiario de dita subvención tanto na Línea 1 como Línea

Estando interesada a entidade local na contratación do servizo campaña de información, difusión e sensibilización para o proxecto de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de bioresiduos, cuxo valor estimado é inferior a 15.000 euros, foron solicitadas tres ofertas ás empresas ABERTAL NETWORKS, S.L con C.I.F. núm.B15864457, VISUAL PUBLINET S.L con C.I.F. núm. B36880094 e ARTELLAR S.L.U con C.I.F. núm. B70239769.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con número 220220007081 por importe de 42.685,34 euros con cargo á aplicación 1621 22799.

Conforme ao disposto no artigo 118 en relación ca Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar a empresa ABERTAL NETWORKS, S.L con C.I.F. núm.B15864457 o contrato menor do servizo de campaña de información, difusión e sensibilización para o proxecto de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de bioresiduos, por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade prezo formulada e cuxo orzamento ascende a 9.442,84 € (IVE engadido) fronte aos 9.757,44 € (IVE engadido) ofertados por VISUAL PUBLINET S.L con C.I.F. núm. B36880094 e ARTELLAR S.L.U con C.I.F. núm. B70239769.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do servizo de campaña de información, difusión e sensibilización para o proxecto de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de bioresiduos, a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 1621 22799 do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Conforme o artigo 118.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014, o contrato menor do servizo de campaña de información, difusión e sensibilización para o proxecto de

implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de bioresiduos, será publicado na forma prevista no artigo 63.4 para facer constar o obxeto, importe de adxudicación con IVE engadido e identidade do adxudicatario.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario **ABERTAL NETWORKS, S.L con C.I.F. núm.B15864457** o presente acordo, con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe.”

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, aprobou o contrato menor transcrito literalmente.

4º.-ADXUDICACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVIZO AO ABEIRO DAS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. LIÑA 2

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA

“Asunto: Adxudicación contrato menor de servizo ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal. LIÑA 2.

Conforme o artigo 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local a entidade local deberá prestar o *servizo de recollida de residuos*, transporte e tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares, comercios e servizos ofertados no Concello de Valdoviño tendo en consideración o disposto no artigo 22 da Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de maio do 2018 pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre a separación e reciclaxe de residuos en orixe ou ben recollida de forma separada a máis tardar o 31 de decembro de 2023, o que coincide co disposto na Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.

Ao abeiro das axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e resiliencia da Unión Europea Next Generation EU o Concello de Valdoviño impulsará a xestión e recollida separada en orixe de residuos domésticos potenciando a prevención e valorización dos biorresiduos.

Vista a Resolución das Axudas convocadas ao abeiro da Orde do 30 de novembro do 2021 pola que se establecen as Bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de Recuperación, transformación e

resiliencia da Unión Europea Next Generation EU, o Concello de Valdoviño resultou beneficiario de dita subvención tanto na Línea 1 como Línea

Estando interesada a entidade local na contratación do servizo de accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de bioresiduos mediante a compostaxe domestica no Concello de Valdoviño, cuxo valor estimado é inferior a 15.000 euros, foron solicitadas tres ofertas ás empresas ABERTAL NETWORKS, S.L con C.I.F. núm.B15864457, VISUAL PUBLINET S.L con C.I.F. núm. B36880094 e ARTELLAR S.L.U con C.I.F. núm. B70239769.

Consta na contabilidade do orzamento de gastos do Concello de Valdoviño a retención de crédito con número 220220007081 por importe de 42.685,34 euros con cargo á aplicación 1621 22799.

Conforme ao disposto no artigo 118 en relación ca Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e atribucións conferidas pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía

PROPÓN

Primeiro.- Adxudicar a empresa ABERTAL NETWORKS, S.L con C.I.F. núm.B15864457 o contrato menor do servizo de accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de bioresiduos mediante a compostaxe domestica no Concello de Valdoviño, por ser a mellor oferta para os intereses do Concello de Valdoviño en función da relación calidade prezo formulada e cuxo orzamento ascende a 4.319,70 € (IVE engadido) fronte aos 4.404,40 € (IVE engadido) ofertados por VISUAL PUBLINET S.L con C.I.F. núm. B36880094 e ARTELLAR S.L.U con C.I.F. núm. B70239769.

Segundo.- Autorizar e comprometer o gasto correspondente á execución do servizo de accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de bioresiduos mediante a compostaxe domestica no Concello de Valdoviño, a adxudicar mediante contrato menor con cargo á aplicación orzamentaria 1621 22799 do Orzamento municipal, de acordo co establecido no artigo 185 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Terceiro.- Conforme o artigo 118.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014, o contrato menor do servizo de accións de acompañamento e asesoramento para o proxecto de separación e reciclaxe en orixe de bioresiduos mediante a compostaxe domestica no Concello de Valdoviño, será publicado na forma prevista no artigo 63.4 para facer constar o obxeto, importe de adxudicación con IVE engadido e identidade do adxudicatario.

Cuarto.- Notificar ao adxudicatario **ABERTAL NETWORKS, S.L con C.I.F. núm.B15864457** o presente acordo, con indicación dos recursos que procedan ao respecto.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde na data indicada á marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar o contrato menor de servizo que antecede.

5º.-SUBSANACIÓN NAS DEFICIENCIAS DETECTADAS NAS INSTALACIONES PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, DA CONVOCATORIA (CNV-C SUM/2018) CONVENIOS CON CONCELLOS PARA O FINANCIAMENTO DE SUBMINISTRACIONES DA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA, ANUALIDADE 2018 PARA A XESTIÓN DOS AREAIS DO CONCELLO.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a subsanación das deficiencias técnicas detectadas no SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIONES PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excma. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018 para a xestión dos areas do Concello.

“Vista a solicitude formulada por Jorge Mesía Fraga con D.N.I. núm. 32.692.094-D en representación de INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424, en data 27 de xullo do 2022 con número de rexistro 202299900001177 referida a devolución da garantía definitiva asociada ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIONES PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excma. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018 para a xestión dos areas do Concello, foi emitida Providencia de Alcaldía para incoar expediente para a devolución, no seu caso, do aval bancario depositado polo contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424, por importe de TRES MIL CATROCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (3.429,71 €).

A este efecto, determina o apartado 37) do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provincias, aplicable ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIONES PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 que o prazo de garantía terá unha duración de un ano a contar dende a recepción das obras. Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado a garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do Técnico-Director, sendo responsable dos danos intrínsecos que en ela se produzan. Se as obras se deteriorasen por incumprimento desta obriga, os traballos necesarios para a súa reparación serán executados pola Administración contratante, a costa do contratista.

Ao abeiro do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, determina o apartado 38) do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provincias, aplicable ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (...) dentro do prazo de 15 días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o Director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Si este fora favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo o disposto no artigo 241 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (Responsabilidade por vicios ocultos), procedéndose a devolución ou cancelación da garantía e a liquidación, no seu caso, das obrigas pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía o Director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para elo durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía. Non obstante, no suposto de que o contratista non faga as reparacións indicadas o órgano de contratación poderá ordear a execución das mesmas a outra empresa, correndo a costa do contratista adxudicatario da obra o pago dos citados gastos, ben con cargo a garantía si fora suficiente, e se o importe da reparación excedera do importe da garantía se exixirá o abono de ditos gastos pola vía de apremo.

Examinado o expediente 2019/C005/000004 BIS consta Informe técnico sobre o estado do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287, emitido polos Directores de Obra en data 23 de setembro do 2022 ao efecto de determinar a responsabilidade do adxudicatario, procedéndose a devolución ou cancelación da garantía obxecto, facendo constar que (...) existen pequenos desperfectos e patoloxías que deben ser solventadas.

Comprobada que a obriga garantida non cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que existen responsabilidades a esixir contra o contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 en garantía do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO non procede a devolución da garantía definitiva asociada ao referido subministro con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018).

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Primeiro.- Desestimar a solicitude de devolución da garantía definitiva asociada ao SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018) Convenios con Concellos para o financiamento de subministracións da Excm. Deputación de A Coruña, Anualidade 2018 para a xestión dos areas do Concello, pois existen responsabilidades do adxudicatario.

Segundo.- Requirir ao contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 para a arranxar os desperfectos e patoloxías detectadas polos Directores de Obra, nas INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, según consta no informe emitido en data 23 de setembro do 2022, outorgando aos efectos oportunos o prazo de 1 mes a contar

Terceiro.- Notificar ao contratista INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS IMAFER S.L. con C.I.F. núm. B70431424 o acordo adoptado e copia electrónica auténtica do informe emitido polos Directores de Obra do SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE INSTALACIÓNS PORTÁTILES DE ASEOS E SOCORRISMO PARA AS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO con código de expediente 2018000033287 da Convocatoria (CNV-C-SUM/2018), aos efectos oportunos.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

PARTE ACTIVIDADE

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/

